



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 46)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dous de decembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño e o señor deputado don Pablo Rivera Capón.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO “MANTEMENTO DO SERVIZO DE VIDEOVIXIANCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO”.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Mantemento do servizo de videovixancia da Deputación Provincial de Lugo. Exp 2022/CON\_02/000078, consta no mesmo:

1.- Proposta de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AHSHO3VOK53V7Q5E4AEC6ME.

2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7AGWIPPFESZJHJ4MQ4I47WAQ.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AHWDCLFO3XJH2RRMBH3TPEA.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7AHWDYFRJTYVO3CJYWO4RTKE.



5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AHWD7BLXMTGMJWYFAAEZFIQ.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do Mantemento do servizo de videovixiancia da Deputación Provincial de Lugo. EXP 2022/CON\_02/000078, para unha duración de dous (2) anos, prorrogables por outros dous anos, de ano en ano (2+1+1).

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación do servizo.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

**4º.-** Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende

66.848,62 €, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 14.038,21 € o que fai un total de 80.886,83 euros.

5º.- O prezo total incluído IVE financíase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	IMPORTE	2023 (10M)	2024	2025 (2M)
Pazo Provincial	6.430,53 €	2.679,38 €	3.215,26 €	535,89 €
Fogar de Santa María	5.581,19 €	2.325,50 €	2.790,60 €	465,09 €
Pazo dos Deportes	4.683,34 €	1.951,39 €	2.341,67 €	390,28 €
Museo Provincial	12.375,69 €	5.156,53 €	6.187,84 €	1.031,32 €
Taller de Cestería	2.030,36 €	845,98 €	1.015,18 €	169,20 €
Centro de Interpretación	2.353,90 €	980,79 €	1.176,95 €	196,16 €
Arquivo Provincial	2.475,23 €	1.031,35 €	1.237,62 €	206,26 €
Parque Móvil	11.372,80 €	4.738,67 €	5.686,40 €	947,73 €
Mazo de Santa Comba	2.070,80 €	862,83 €	1.035,40 €	172,57 €
Hospital San Rafael	5.225,40 €	2.177,25 €	2.612,70 €	435,45 €
Centro de Producción de Programas TIC	1.455,97 €	606,65 €	727,98 €	121,34 €
Escola de Audiovisuais	3.122,35 €	1.300,98 €	1.561,17 €	260,20 €
Museo de San Paio de Narla	2.960,56 €	1.233,57 €	1.480,28 €	246,71 €
Museo do Mar	4.092,98 €	1.705,41 €	2.046,49 €	341,08 €
Pazo de Tor	6.972,55 €	2.905,23 €	3.486,28 €	581,04 €
Augasmestas	1.100,17 €	458,40 €	550,08 €	91,69 €
Serv.Acudas	6.583,01 €	5.760,13 €		822,88 €
SUMAS	80.886,83 €	36.720,04 €	37.151,90 €	7.014,89 €

O presente contrato trátase dun gasto anticipado segundo o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 ,2024 e 2025. Para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022, e para as anualidades 2024 e 2025 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 e 2025 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO REQUIRIMENTOS EFECTUADOS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL. EXPEDIENTE Nº 2021/CON\_02/000011. LOTE 2: O VALADOURO, FOZ, ALFOZ, BARREIROS, LOURENZÁ, RIBADEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADÍN, PONTENOVA, RIOTORTO Y PASTORIZA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con relación ó asunto, da proposta, remitida documentación polo cesionario e o cedente do contrato, que consta no expediente, xunto co informe con csv: IV7AHQCLCF7SZJN3SUUWP52BEE , emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, respecto da autorización de cesión do contrato acordada pola xunta de goberno de data 28 de outubro de 2022 , do seguinte teor literal :

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno de data 26.11.2021 relativo á adxudicación do Lote 2 do contrato de servizos execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, a favor de Construcciones Cazás, S.L., con CSV: IV7FEX7L3JEZJDH7WHWFOHS7NY , nas condicións indicadas a continuación:

LICITADOR	OFERTADO		
CONSTRUCCIONES CAZÁS, S.L.	1.- Comprométese a executar o LOTE nº 2 incluído no contrato de referencia por importe de setecentos nove mil catrocentos vinte e dous euros con vinte e nove céntimos (709.422,29 €), aos que se engadirán cento corenta e oito mil novecentos setenta e oito euros con sesenta e oito céntimos (148.978,68 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de oitocentos cincuenta e oito mil catrocentos euros con noventa e sete euros (858.400,97 €).		
	2.- Non compromete a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións).		
	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS
	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	
3.- Se compromete á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso onde conflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáis ou doutras entidades locais.			
4.- Se compromete a executar 2.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado “R” do cadro resume deste PCAP.			

2.- Formalización do contrato, datada o día 01 de febreiro de 2022, con CSV: IV7CSOAOJ5W37VJJ2J7R6ZJF4M.

3.- A data de inicio de contrato é o día 18 de febreiro de 2022, segundo consta en acta de inicio con CSV: IV7C5UIYJMOLLPJ6UA7MLYQ6CU.

4.- Escrito presentado o día 10 de xuño de 2022 (nº rexistro 2022RT008822) por D. José Carlos Cancelos González, representación da entidade mercantil Construcciones Cazas S.L., con C.I.F. B-27.010.982, no que se interesa a cesión do contrato a favor da mercantil construcciones Isidro Otero S.L.

5.- Informe do Responsable do contrato do 19 de setembro de 2022, con CSV: IV7AS2Y5FN7P36J3YVGAEVYPKE.

6.- Requirimento de Presidencia, con CSV: IV7AYSLNLRUPZ3US47WEKRYFNY de data 18 de outubro de 2022, de documentación adicional.

7.- D.Isidro Otero Bello, en representación da empresa Construcciones Isidro Otero, S.L. aportou o día 20.10.2022 por sede electrónica (nº rexistro 2022RT013667) a documentación solicitada, sendo esta correcta.

8.- Con data de 28 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno acordou:

Autorizar a cesión, pola entidade Construcciones Cazas S.L., a favor da mercantil Construcciones Isidro Otero S.L. do Lote 2 do contrato de servizos de Execución de diversas operacións de conservación na Rede viaria provincial. (Lote 2: O Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, Pontenova, Riotorto y Pastoriza.)

Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.



Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente. O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros.

9.- Con data de 15 de novembro a empresa Construcciones Isidro Otero S.L. remitiu a escritura pública de cesión do contrato administrativo, outorgada ante a Notaria de Mondoñedo (Lugo) Dna. María Cuartas Berdejo, o 11 de novembro de 2022, co número de protocolo 1.025.

10.- Con data de 30 de novembro a empresa Construcciones Isidro Otero S.L. remitiu modificación da escritura pública de cesión do contrato administrativo, outorgada ante a Notaria de Mondoñedo (Lugo) Dna. María Cuartas Berdejo, o 30 de novembro de 2022.

11.- Constituíuse a garantía polo cesionario, Construcciones Isidro Otero S.L., polo mesmo importe que a actualmente constituída 35.471,12 euros.

O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros, Nº. Operación: 320220018490, nº expediente 2022/PES\_03/021741

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adelante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira. O cesionario deu cumprimento ao requirimento efectuado:

Presentou a través da sede electrónica (2022/PES\_03/022362) escritura pública de cesión do contrato administrativo, outorgadas ante a Notaría de Mondoñedo (Lugo) Dna. María Cuartas Berdejo, o 11 de novembro de 2022, co número de protocolo 1.025, posteriormente subsanada en data 30.11.2022 na mesma Notaría.

Constituíuse a garantía polo cesionario, Construcciones Isidro Otero S.L., polo mesmo importe que a actualmente constituída 35.471,12 euros.

O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros, Nº. Operación: 320220018490, nº expediente 2022/PES\_03/021741.

En consecuencia, procede a devolución da garantía constituída pola cedente, Construcciones Cazas S.L.

O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros. Nº. Operación: 320210013586, nº expediente 2021/PES\_03/021367.

Segundo.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude



das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Terceiro.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Así pois, se formula a seguinte proposta de acordo:

1º.- Ter por cumprimentada correctamente a documentación requirida en base ao acordado na Xunta de Goberno celebrada o día 28 de outubro de 2022 na Autorización da cesión pola entidade Construcciones Cazás, S.L. á empresa Construcciones Isidro Otero S.L., do contrato:

Contrato de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na Rede viaria provincial.

Lote 2: O Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, Pontenova, Riotorto y Pastoriza.

2º.- Polo que se refire ás obrigas que se derivan da presente contratación, o importe do contrato ascende a 615.936,86 euros e fináncianse de acordo as seguintes anualidades (data de comezo 18 de febreiro de 2022):

CESIONARIO	TOTAL	ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.	615.936,86 euros	115.202,96 euros	429.200,48 euros	71.533,42 euros

En canto as melloras, o contratista cedente, levou a cabo unha mellora consistente na execución de 990m2 do dobre tratamento superficial, quedando pendentes de execución 1.010m2 do dobre tratamento superficial e a realización do inventario de deslinde de enlaces e interseccións.

3º.- Proceder á devolución da garantía constituída pola cedente, Construcciones Cazás, S.L.

O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros. Nº. Operación: 320210013586, nº expediente 2021/PES\_03/021367.”

Constando asimesmo informe favorable da Intervención, con CSV: IV7AHQJNHMZLRVJLYU5VMN2CJY

Propoño á Xunta de Goberno que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Ter por cumprimentada correctamente a documentación requirida en base ao acordado na Xunta de Goberno celebrada o día 28 de outubro de 2022 na Autorización da cesión pola entidade construcciones Cazás, S.L. á empresa Construcciones Isidro Otero S.L., do contrato:

Contrato de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na Rede viaria provincial.

Lote 2: O Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, Pontenova, Riotorto y Pastoriza.

2º.- Polo que se refire ás obrigas que se derivan da presente contratación, o importe do contrato ascende a 615.936,86 euros e fináncianse de acordo as seguintes anualidades (data de comezo 18 de febreiro de 2022):

CESIONARIO	TOTAL	ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.	615.936,86 euros	115.202,96 euros	429.200,48 euros	71.533,42 euros



En canto as melloras, o contratista cedente, levou a cabo unha mellora consistente na execución de 990m<sup>2</sup> do dobre tratamento superficial, quedando pendentes de execución 1.010m<sup>2</sup> do dobre tratamento superficial e a realización do inventario de deslinde de enlaces e interseccións.

**3º.-** Proceder á devolución da garantía constituída pola cedente, Construcciones Cazás, S.L.

O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros. Nº. Operación: 320210013586, nº expediente 2021/PES\_03/021367.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 (AXENDAS) DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDICIÓN COMPLETA DA AXENDA E DO CALENDARIO INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 29d e novembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A47QTPBZ3RTU4DVUS6UCUKM.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A6DZCFHWPZG4LUB4FAVYOL4.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AYQDLABMDUS56YE5E55H7GI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AYQCZFBRNWTP25UORH3XW6M.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AYX34KDUMJ2W4YX4UC4TW4I.

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7AY3AJMAWI3RBMUYURIMS6KI.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de outubro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AYEIDB5E4X7X4WJVM7Y7D7Y.

9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 24 de outubro de 2022.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 11 de novembro de 2022, con CSV: IV7AEILKHQXLRW5CQP4HEESW6E, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
GRAFICAS EUJOA S.A.	1, 2
GRAFO S.A.	1
PRINTER BROK 2010 S.L.	1
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	1, 2

Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que o Anexo I, declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos, presentado por todas as empresas concorrentes se axusta aos requisitos mínimos esixidos no prego de cláusulas administrativas, tanto en forma como en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas procedendo acto seguido ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

Lote 1: Axendas.

Licitadores	Prezo ofertado	Nota prezo	Incremento nº follas	Nota nº follas	Mellora tempo entrega	Nota tempo entrega	Nota final
Gráficas Eujoa S.A.	8,00 €	78,08	10	6	22	1,82	85,90 €
Grafo S.A.	7,85 €	79,57	1	0,6	25	1,6	81,77 €
Printer Brok 2010 S.L.	6,94 €	90	10	6	20	2	98,00 €
Ta Ta Ta Comunicación S.L.	7,99 €	78,17	0	0	20	2	80,17 €



Lote 2 Calendarios.

LICITADOR	PREZO	INCREMENTO Nº DE FOLLAS	MELLORA TEMPO ENTREGA
GRAFICAS EUJOA S.A.	2,32 €	10	22
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	2,17 €	0	20

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas presentadas está incurso en posible baixa desproporcionadas ou anormal, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

Lote 1: Axendas

LICITADORES	NOTA PREZO	NOTA Nº FOLLAS	NOTA TEMPO ENTREGA	NOTA TOTAL
GRAFICAS EUJOA S.A.	78,08	6	1,82	85,90
GRAFO S.A.	79,57	0,6	1,6	81,77
PRINTER BROK 2010 S.L.	90	6	2	98,00
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	78,17	0	2	80,17

A vista das puntuacións acadadas, a mesa de contratación acorda requirir á empresa Printer Brok 2010 S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

## Lote 2: Calendarios

LICITADOR	NOTA PREZO	NOTA Nº FOLLAS	NOTA TEMPO ENTREGA	NOTA TOTAL
GRAFICAS EUJOA S.A.	84,18	6	1,82	92
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	90	0	2	92

Visto que no lote 2 se produce un empate entre dous licitadores, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, aplicar o establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, onde se recolle que: “No caso de que dúas ou máis propostas obtivesen a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación terán preferencia na adxudicación do contrato aquelas empresas que teñan no seu equipo un número de persoas con discapacidade superior ao 2% do seu cadro de persoal, sempre e cando a empresa tivese incluído, a declaración debidamente cumprimentada.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade, nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña de maior porcentaxe de persoas con contrato fixo con discapacidade no seu equipo. (...)

No caso de persistir o empate na proposición económica aplicaranse os criterios fixados no artigo 147.2 da LCSP”.

Tendo en conta que as empresas concorrentes ao lote 2 non tiñan na data de presentación da súa oferta no seu plantel persoas con discapacidade, a mesa de contratación acorda requirir ás empresas Graficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles presenten a seguinte documentación:

Declaración responsable na que se recolla expresamente o número de persoas con discapacidade, o número de persoas con contrato fixo e o número de mulleres traballadoras, coas que contaba a empresa no seu cadro de persoal o día 08 de novembro de 2022.



A efectos de comprobar a veracidade da declaración, as empresas que se atopen en situación de empate, deberán achegar a seguinte documentación:

Último Documento RNT (relación nominal de traballadores), correspondente a todo o persoal da empresa, e no caso de variación copia do contrato.

Relación de traballadores con discapacidade, acompañado dos contratos de traballo dos mesmos e do documento oficial que acredite o grado e vixencia da discapacidade.

No caso de persistir o empate na proposición económica aplicaranse, de conformidade co artigo 147.2 da LCSP e coa cláusula décimo segunda do PCAP, desfarase o empate por sorteo.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 29 de novembro de 2022, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Printer Brok 2010 S.L., presentou para o lote 1 a documentación do artigo 159.4 da LCSP no prazo concedido a tales efectos.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos ao Lote 1 Axendas, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	PRINTER BROK 2010 S.L.	98,00
2	GRAFICAS EUJOA S.A.	85,90
3	GRAFO S.A.	81,77
4	TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	80,17

2º.- Adxudicar á empresa Printer Brok 2010 S.L. o lote 1 (axendas) da contratación do Servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, por importe máximo de 12.000,00 euros, aos que se engadirán 2.520,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.520,00 euros, por un prezo unitario por axenda que ascende a 6,94 euros, aos que se engadirán 1,46 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8,40 euros, nun prazo máximo de 20 días hábiles, ofertando sen custe para a administración contratante 10 follas nas probas de imprenta, a maiores das descritas como obrigatorias no PPT.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.

En canto ao lote 2: Calendarios, a mesa de contratación, tendo en conta que a documentación presentada polas empresas Graficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L., co obxecto de desfacer o desempate non permite comprobar a veracidade das declaracións responsables achegadas polas empresas, acorda requirir a éstas para que presenten no prazo de tres días hábiles a seguinte documentación complementaria:

Informe de vida laboral do código de conta de cotización da empresa (varios en caso de ter máis dun código de cotización)

Comunicación de alta ao SEPE.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos ao Lote 1 Axendas, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	PRINTER BROK 2010 S.L.	98,00
2	GRAFICAS EUJOA S.A.	85,90
3	GRAFO S.A.	81,77
4	TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	80,17





2º.- Adjudicar á empresa Printer Brok 2010 S.L. o lote 1 (axendas) da contratación do Servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, por importe máximo de 12.000,00 euros, aos que se engadirán 2.520,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.520,00 euros, por un prezo unitario por axenda que ascende a 6,94 euros, aos que se engadirán 1,46 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8,40 euros, nun prazo máximo de 20 días hábiles, ofertando sen custe para a administración contratante 10 follas nas probas de imprenta, a maiores das descritas como obrigatorias no PPT.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adjudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADJUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA QUE CONSTITÚE A BASE DE DATOS DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN ASÍ COMO O MÓDULO DO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de novembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A47TSAFVDSXOKSB6BIXSPCA.

2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AVSHNDZGMT6BTYDY5DYQAKU.

3. Informe complementario, con CSV: V7ATS35ZAVKVV44BVOTBYPHCY.

4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7ASLQCIDX7ZWR4RU5R6VLXMU.

5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7A4CZILL6K4XG7WEOVIHS654.

6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A4CZJBYH73JNTVUER4M7HEQ.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7A4DDK2FHNVNEZ65QTKUJO7Y.

8. Acordo de Xunta de Goberno do día 30 de setembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A4MCPCBV62SXDQFAQEURVJ4.

9. Convites cursados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público os días 04 e 14 de outubro de 2022.

10. Consta no expediente identificación do licitador presentado dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 14 de outubro de 2022, con CSV: IV7A6PAZB5ZDVOPJQ4UTABDXEM, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.



Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura dos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1.

Do exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), despréndense os seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	% DE DESCONTO OFERTADO/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 70 PUNTOS). P.B.L.: 118.968,36 €	0% de desconto /0 puntos

Atendendo ao disposto nos PCAP, puntuarase a baixada no orzamento base de licitación de acordo co seguinte baremo:

Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 15 puntos.

Baixa igual ou superior o 5% e ata 10% do orzamento base de licitación. 30 puntos.

Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 45 puntos.

Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 70 puntos

En caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos,aínda que será admitida.

A empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., non presenta oferta técnica, polo que de conformidade co establecido no Anexo II do PCAP “En caso de non presentarse dita oferta técnica, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.”

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes o seguinte iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días

hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación.”

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida o día 20 de outubro de 2022, con CSV: IV7AY3I3HJ6YTGfYsB5QCM2VAI, na que se recolle o seguinte:

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 14 de outubro de 2022 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese á apertura do sobre que contén os criterios de negociación, resultando que o licitador Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., oferta 0 horas de formación on line, co que obtén nesta fase 0 puntos.

Tendo en conta que na fase de adjudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación (0 puntos) resulta un total de 0 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U..	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 0 puntos = 0 puntos

2º.- Requiritr á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á



Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
98.320,96 euros	4.916,05 euros

13. Resolución da Presidencia do día 25 de outubro de 2022, con CSV: IV7AYIJM3MMCRPZLAFI4G5PPGQ, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

14. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 28 de outubro de 2022.

15. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 10 de novembro de 2022.

16. Acta da Mesa de Contratación, do 17 de novembro de 2011, con CSV: , na que se recolle o seguinte:

“Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Non achega escritura de apoderamento de D. Albert Lopez Solé, consta no expediente unha declaración responsable na que se recolle que o representante actúa en virtude de escritura de apoderamento do 06 de febreiro de 2015, número 132 de protocolo e incorpora ao expediente escritura de poder do 10 de xullo de 2013, número 629 de protocolo.

No aval constituído figura o seguinte texto: “Este aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Caja General de Depósitos, cando debería figurar “Este aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Diputación Provincial de Lugo”.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Aytos Soluciones Informáticas S.L.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Aval bancario rectificativo.

Escritura de apoderamento de D. Albert López Solé.

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

17. Requirimento de subsanación de documentación cursado a través da plataforma de Contratación do Sector Público o día 21 de novembro de 2022.

18. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 23 de novembro de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 29 de novembro de 2022, á vista da documentación presentada pola empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., acordou por unanimidade dar por subsanados os erros detectados na documentación administrativa, e consecuentemente propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:



1.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES
1	AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U..

2.- Adxudicar á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., a contratación do mantemento da aplicación informática que constitúe a base de datos do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, así como o módulo do servizo de contabilidade e contas da Deputación Provincial de Lugo, por importe de 98.320,96 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.647,40 €, por un período de dous anos.

3.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES
1	AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U.

2º.- Adxudicar á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., a contratación do mantemento da aplicación informática que constitúe a base de datos do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación 2021/CON\_02/0000068, polo orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 98.320,96 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.647,40 €, o que fai un total de 118.968,36 €, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2023: 59.484,18 €.

Anualidade 2024: 59.484,18 €.

Para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022 na aplicación 9320.216, e para a anualidade 2024 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

**3º.-** O prazo de duración do contrato é de dous anos. O prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbo interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.





**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Convenio canalizador da subvención directa excepcional en especie outorgada pola Deputación provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club fluvial de Begonte”, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional en especie, a conceder á entidade Centro de iniciativas y turismo club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial ao beneficiario, do resultado das actuacións correspondentes, valoradas como máximo en 52.287,91€, correspondente á anualidade 2022, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención en especie ampárase nalgũa das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
4. Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
5. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar a creación e o mantemento daquelas entidades que agrupan ou asocian a determinados colectivos da sociedade, especialmente nas zonas rurais, que contribúen a crear e mellorar as relacións e a participación social da veciñanza, mediante a posta a disposición de infraestruturas e equipamentos, así como o desenvolvemento de actividades por e para a veciñanza.

Neste caso, trátase de adecuar e adaptar instalacións e equipamentos de uso colectivo, nunha zona do rural, que son utilizados pola veciñanza e pola sociedade en xeral, para o seu uso e disfrute, removendo así os obstáculos que impidan ou dificulten a participación e o desenvolvemento de actuacións de carácter colectivo por parte dos veciños. Trátase ademais, de conseguir que a poboación que reside nas zonas rurais poida dispoñer de servizos similares aos das cidades, contribuíndo así á fixación de poboación no rural e actuando como motor do turismo e elemento xerador de riqueza para o territorio, no seu aspecto máis amplo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022” (anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, con NIF: 32773589S, en nome e representación do Concello de Lugo, con CIF: P2702800J, con data 07/10/2022 e RE, nº: 2022RT013156 (Expediente 2022/PES\_03/019242), mediante o cal solicita

unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperar no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022”, procede emitir o seguinte informe:

#### Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de



boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da celebración das Festas do San Froilán no ano 2022, que constitúe un programa de actividades gratuitas baseado na animación de rúa e música tradicional, así como na celebración de concertos.

En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que estas actividades se enmarcan nas festas patronais de Lugo, e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, polo que contribúe a poñer en valor os nosos artistas e nosa música tradicional, ademais de constituír un foco de atracción de centos de milleiros de visitantes á cidade.

En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia na provincia e singularmente na cidade de Lugo, tendo en conta que o San Froilán goza de recoñecemento oficial, dado que foi declarado Festa de Interese Turístico Galego e Festa de Interese Turístico Nacional (desde o ano 2006).

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 30.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 12.350,00 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022” (anualidade 2022).

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

**1º.-** Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022” (anualidade 2022) por importe total de 42.350,00 €.

**2º.-** Aprobar o gasto de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Lugo, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da celebración das “Festas do San Froilán 2022” (anualidade 2022).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para o acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo, en Ribadeo”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; e do gasto, por importe de 96.050,27 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.

Don Darío Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 11 de novembro de 2022 (RE nº: 2022RT015034), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, das obras de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo, en Ribadeo”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas





A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

### III. Títulos competenciais

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo ostenta competencias propias, entre outras, en materia de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido nas letras c) e d) do artigo 25.2 da LRBRL.

Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros e pavimentación das vías públicas.

### IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 96.050,27 € (IVE incluído), que se financiarán integramente pola Deputación Provincial de Lugo

Con todo, o Concello de Ribadeo financiará a cantidade que, de ser preciso, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

### V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Ribadeo, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo, en Ribadeo”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; por importe total de 96.050,27 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2. O gasto, por importe de 96.050,27 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 29 de novembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo, en Ribadeo”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; por importe total de 96.050,27 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 96.050,27 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE, ANTE O MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL, DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data 01.09.2022 o Ministerio de Política Territorial, publica no BOE a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

Á súa vez, con data 02.09.2022, publican no BOE o Extracto da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

Na sede electrónica do Ministerio á súa vez publican os documentos vencellados á convocatoria (anexos, guía de presentación, FAQs...)¹.

Finalidade.- O artigo 1 da Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais.

As subvencións están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados no mesmo, que resultan vinculantes para todas as administracións públicas participantes. De maneira específica, estas bases reguladoras dítanse en desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do mencionado PRTR.

As subvencións contempladas nesta orde destinaranse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais que se enmarquen nalgunha das liñas estratéxicas enunciadas no artigo 5.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, o artigo 3 inclúe ás deputacións provinciais de réxime común, sendo os destinatarios das actuacións que realicen, nos termos do artigo 5, os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, e de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

Obxectivos xerais.- O artigo 5.1 da Orde determina que as actuacións subvencionables terán como obxectivos de carácter xeral:

- a. Mellora da accesibilidade dos servizos públicos dixitais aos cidadáns e empresas.
- b. Redución da fenda dixital.
- c. Mellora da eficiencia e eficacia dos empregados públicos.
- d. Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas.
- e. Utilización activa das tecnoloxías emerxentes no despregamento de novos servizos dixitais (chatbots, automatización e robotización, plataformas, etc).

¹[https://mpt.gob.es/portal/prtr/transformacion\\_digital\\_modernizacion/ayudas\\_de\\_transformacion\\_digital\\_modernizacion/convocatoria2022.html](https://mpt.gob.es/portal/prtr/transformacion_digital_modernizacion/ayudas_de_transformacion_digital_modernizacion/convocatoria2022.html)



As actuacións previstas nas liñas estratéxicas coadxuvarán á consecución de todos os ámbitos recolleitos no Obxectivo 168 e no Fito 169 do PRTR.

O artigo 5.2 establece as liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións subvencionables. As liñas estratéxicas son as seguintes:

1. Liña 1. Administración orientada ao cidadán.
2. Liña 2. Operacións intelixentes.
3. Liña 3. Goberno do dato.
4. Liña 4. Infraestruturas dixitais.
5. Liña 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.

O artigo 5.3 determina que as entidades beneficiarias deberán incluír necesariamente na súa proposta un proxecto dentro a liña estratéxica 5, co obxecto de garantir a interoperabilidade dun conxunto mínimo de servizos básicos de administración dixital (registro electrónico, notificacións electrónicas, facturación electrónica e integración de expedientes abertos e cartafol cidadán do sector público estatal).

No caso de que a entidade beneficiaria dispuxese xa de proxectos en marcha dirixidos a este fin, ou tivese cubertas as necesidades neste ámbito, deberá xustificalo mediante declaración responsable, conforme ao modelo que se inclúe no anexo VI, e quedará, por tanto, exenta, podendo dedicar o financiamento contemplado ao resto de actuacións subvencionables.

Os termos específicos sobre o contido e alcance dos proxectos sinalados figurarán na guía técnica<sup>2</sup> publicada na web institucional.

No caso de ser beneficiaria unha Deputación Provincial, o artigo 5.5 obriga a que os proxectos realizados teñan como destinatarios aos concellos dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 01.01.2020.

<sup>2</sup>[https://mpt.gob.es/dam/es/portal/prtr/transformacion\\_digital\\_modernizacion/ayudas\\_de\\_transformacion\\_digital\\_modernizacion/convocatoria2022/20220831-Guia-requisitos-digitales-EELL-50K-v4.pdf.pdf](https://mpt.gob.es/dam/es/portal/prtr/transformacion_digital_modernizacion/ayudas_de_transformacion_digital_modernizacion/convocatoria2022/20220831-Guia-requisitos-digitales-EELL-50K-v4.pdf.pdf)

Para a solicitude de axuda a Deputación debe asinar un compromiso de posta a disposición das actuacións aos municipios menores de 20.000 habitantes do seu ámbito territorial. Ante a posibilidade de deseñar un proxecto por parte desta Deputación, e que na súa execución non se sumen todos os concellos da provincia do devandito ámbito poboacional, formulouse consulta ao respecto ante o Ministerio (número de incidencia 1525608) que consta no expediente, na que a teor literal responde:

La diputación debe poner en conocimiento a la totalidad de entidades de menos de 20.000 habitantes el proyecto que se va a desarrollar. Pudiendo estas no acogerse al mismo por causa justificada, sin que esto suponga una reducción del importe asignado. Siendo igualmente el importe máximo concedible el recogido en el Anexo VII.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva. A Orde asigna unha cantidade máxima de axuda por Entidade, calculada en función da poboación e que ven determinada no anexo VII. No caso da Deputación de Lugo a axuda máxima asignada é de 1.588.445,83€.

As subvencións irán destinadas a financiar os proxectos presentados ata o importe máximo que corresponde por entidade. Esgotado ese importe, se procedería á desestimación das restantes solicitudes que a entidade puidera presentar.

Con todo, segundo o artigo 9, no caso de que a entidade beneficiaria non presentase solicitudes polo importe máximo asignado no anexo VII, o importe non solicitado poderá ser distribuído para financiar actuacións presentadas polo resto das entidades beneficiarias que esgotasen o máximo asignado nos termos desta orde. Para ese efecto, o importe non solicitado será prorrateado a partes iguais entre as entidades que presentasen actuacións elixibles por encima do orzamento máximo asignado nesta orde, nos termos previstos na mesma e ata esgotar o importe total recollido.

O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderase complementar coas achegas que realicen as entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.



Período de execución.- O artigo 11 establece que o período de execución do proxecto determinarase na resolución de concesión e, en todo caso, estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de agosto de 2023.

Considerarase gasto realizado o que leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado durante o mesmo.

Prazo.- A tramitación do procedemento é a través da sede electrónica do Ministerio de Política Territorial<sup>3</sup> e o prazo de presentación de solicitudes remata ás 15.00 horas do día 15 de decembro de 2022.

Xunto coa solicitude, deberá aportarse o proxecto así como un resumo executivo das actuacións a acometer segundo modelo fixado na convocatoria que deberá vir acompañado dos fitos e obxectivos necesarios para efectuar o seguimento.

Así mesmo, a Orde, entre outros documentos propios dunha solicitudes de axudas (certificados de non ter débedas, autorizacións de consultas de datos, certificado de conta bancaria...) esixe un certificado da entidade solicitante, do acordo ou resolución adoptado polo órgano competente, no que deberán constar, de maneira expresa, os seguintes extremos:

1. A aprobación do proxecto para o que se solicita a subvención.
2. A participación e aceptación do procedemento regulado nesta orde e a solicitude da subvención.
3. O compromiso de que a entidade dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.
4. O compromiso, no caso das entidades recollidas no artigo 3.1.b), da posta ao dispor das entidades locais con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, das actuacións desenvolvidas.

<sup>3</sup><https://sede.administracionespublicas.gob.es/procedimientos/portada/ida/0/idp/499>

5. O compromiso de que a entidade, ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

Anticipo.- No art. 5 contempla un pagamento anticipado da axuda do 50% da cantidade concedida. O importe da axuda restante quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa. A xustificación deberá presentarse no prazo máximo de dous meses a contar desde a finalización do prazo para a realización do proxecto.

Comunicación ao Pleno: O 27 de setembro de 2022 o Presidente puxo en coñecemento do Pleno da Corporación a intención da Deputación de Lugo de concorrer as axudas convocadas polo Ministerio de Política Territorial mediante a Orde Ministerial TER/836/2022, co obxectivo de impulsar os mecanismos que sexan precisos para fortalecer as administracións das entidades locais da provincia de Lugo ás que se dirixe esta convocatoria de subvencións, quedando o Pleno enterado tal e como consta no documento que figura no expediente.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención.

c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.





d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

e) O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.

f) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

g) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

(...)

Do mesmo xeito, o art. 70.bis.3 LBRL (introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), establece que as entidades locais e, especialmente, os municipios, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás.

As Deputacións provinciais, Cabidos e Consellos insulares colaborarán cos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver en grao suficiente o deber establecido neste apartado.

Hai que ter en conta, ademais, que o art. 31.2.a) LRBRL dispón como fins propios e específicos das deputacións provinciais os de «garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais» e, de modo particular, o de «asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal».

Por outra banda, de acordo co citado art. 36.1.g LBRL (incorporado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local-LRSAL), corresponde ás Deputacións a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por iso, o que pretende o precepto é dar efectividade á prestación duns servizos que esixen a aplicación de tecnoloxía informática (no caso da administración electrónica) ou técnico-xurídica (no suposto da contratación centralizada) que os municipios de pequena ou mediana poboación (ata 20.000 habitantes), poden non estar en condicións de asumir.

Segunda.- A Comisión Europea manexa un concepto amplo de administración electrónica: A administración electrónica ou «eGovernment» defínese como a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) nas administracións públicas, asociadas a cambios na organización e novas aptitudes do persoal. O obxectivo é mellorar os servizos públicos, reforzar os procesos democráticos e apoiar ás políticas públicas.

A Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), no seu art. 13 e en relación cos dereitos das persoas nas súas relacións coas AAPP recolle, entre outros:

a) A comunicarse coas Administracións Públicas a través dun Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.

b) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.

d) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo con o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.

g) Á obtención e utilización dos medios de identificación e firma electrónica contemplados nesta Lei.

h) Á protección de datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións Públicas.

Na mesma Lei, o art. 12 establece que as Administracións Públicas deberán garantir que os interesados poden relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o que poñerán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarios así como os sistemas e aplicacións que en cada caso determínense.



As Administracións Públicas asistirán no uso de medios electrónicos aos interesados que así o soliciten, especialmente no referente á identificación e firma electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral e obtención de copias auténticas.

Así mesmo, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso.

Do exposto semella claro que os cidadáns teñen o dereito para relacionarse coa administración por medios electrónicos -e outros dereitos relacionados-, mentres que as persoas xurídicas (empresas, asociacións, comunidades de veciños), teñen a obriga.

É por iso que a Administración debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación das barreiras que limiten devandito acceso. Onde hai un dereito do cidadán hai unha obriga da administración.

Terceiro.- Coa finalidade de abordar a recuperación socioeconómica fronte á crise, esta Deputación deseñou a súa propia folla de ruta para os próximos anos, denominada Plan de propostas de acción para la provincia de Lugo a través del Fondo de Recuperación Europeo (Next Generation EU)<sup>4</sup>.

Este documento, no cal se define a estratexia a seguir na provincia de Lugo a medio e longo prazo, está totalmente aliñado cos obxectivos que persegue o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Consello de Ministros do Goberno de España o 27 de abril de 2021 para a súa remisión á Comisión Europea, así como tamén coas recomendacións do Semestre Europeo para o noso país e cos obxectivos principais da nova Política de Cohesión para 2021-2027 que impulsarán os investimentos da UE durante este período. Comprende todas as actuacións que a Deputación de Lugo pretende financiar con cargo ao Fondo de Recuperación Europeo e tamén co novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

<sup>4</sup>[https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inlinefiles/Plan%20propuestas%20DPL%20NGEU%20\(Abril%202021\).pdf](https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inlinefiles/Plan%20propuestas%20DPL%20NGEU%20(Abril%202021).pdf)

Para o seu desenvolvemento tívose en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando.

Establécense 6 propostas claves de actuación, cada unha delas aliñada cos eixos transversais, políticas panca e compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e tamén cos obxectivos da AUE, que a modo de resumo serían as seguintes:

Proposta 1: plan de reactivación do emprego, da actividade económica e de recuperación de parques empresariais, especialmente dirixido a pemes e autónomos.

Proposta 2: plan de dixitalización a través de infraestruturas tecnolóxicas avanzadas, especialmente no medio rural.

Proposta 3: plan integral de promoción turística e de mobilidade sustentable no territorio.

Proposta 4: plan de saneamento colectivo en núcleos de poboación do territorio que carezan de infraestruturas básicas.

Proposta 5: protección, recuperación, rexeneración e aproveitamento sustentable dos recursos naturais singulares.

Proposta 6: programa de apoio e complemento aos servizos públicos e privados sociosanitarios de proximidade existentes no territorio.

As propostas elaboradas pola Deputación de Lugo na súa folla de ruta levan aparelladas avances tecnolóxicos. Sempre baixo a consideración dos cidadáns como fin e centro do traballo provincial, non se trata de deshumanizar a xestión administrativa a favor de máquinas, senón resolver os problemas das persoas e para iso a tecnoloxía é un dos instrumentos.

Cuarta.- O acceso ás axudas convocadas polo Ministerio de Política Territorial permitirá á Deputación de Lugo ofrecer a todos os concellos da provincia (agás a capitalidade) a adopción de medidas dirixidas á transformación dixital e á modernización. Sempre, claro está, baixo o respecto ao principio de autonomía municipal garantido no art. 140 da Constitución Española.

Polo exposto e tendo en consideración o grao de implantación da administración electrónica nos concellos e o importe da subvención asignado para a Deputación de Lugo,



contémplase a solicitude ante o Ministerio de axudas para a execución de 2 proxectos coa seguinte orde de prioridade:

1º. O artigo 5.3 determina que as entidades beneficiarias deberán incluír necesariamente na súa proposta un proxecto dentro a liña estratéxica 5 adicada a interoperabilidade de servizos básicos da administración dixital. No seu cumprimento o primeiro proxecto pretende realizar a adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellorar a eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade supramunicipais.

Realizarase unha auditoría previa para a avaliación da situación dos concellos en materia de interoperabilidade, elaborando un Plan provincial de adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) que analizará e avaliará a situación actual dos concellos da provincia e creará un Plan específico de adecuación para cada un deles.

Segundo os resultados de esta auditoría se realizarán as accións precisas para implantar os servizos de interoperabilidade que non teña implantados ou que sexan deficientes, sendo obrigatorio polo menos cumprir con:

Integración do rexistro municipal co sistema SIR de intercambios rexistrais.

Integración do tramitador de expedientes electrónico co sistema de notificacións do estado Notific@ a través da Dirección Electrónica Habilitada única (DEHú).

Integración do sistema de tramitación electrónico de facturas, a través da integración e adhesión do punto de acceso electrónico de facturas da Administración Xeral do Estado (FACE)

Integración do tramitador de expedientes electrónico municipal coa Carpeta Ciudadana do sector público estatal, para remitir información do estado dos expedientes que se están a tramitar dende o concello.

Adicionalmente, segundo os resultados que se obteñan da auditoría inicial e unha vez cubertas as necesidades anteriores obrigatorias, de forma opcional se contempla dentro do proxecto a posibilidade de desenvolver outras integracións adicionais con outros servizos estatais ou autonómicos que permitan mellorar a eficiencia administrativa (por exemplo a utilización do

sistema Cl@ve para a identificación, a utilización dos servizos de consulta PID, o servizo de consulta de apoderamentos en Apodera, etc).

2º. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns. Este proxecto se inclúe na liña 4 nomeada infraestruturas dixitais.

O proxecto subdivídese en dúas actuacións:

1. Creación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos.

Esta actuación contempla tres intervencións:

a) Substitución dos Pcs sobremesa dos traballadores dos concellos por computadores portátiles de última xeración que lles permita traballar con comodidade no seu posto de traballo (axustados a unha estación de traballo, ou docking station, con periféricos xa conectados) pero que sexan fáciles de transportar e versátiles para escenarios que requiran mobilidade, de tal forma que se permita e facilite o teletraballo de forma segura.

b) Revisión da infraestrutura de rede interna do concello, co obxectivo de optimizar o acceso á rede e de introducir elementos de seguridade físicos que protexan o traballo en liña.

c) Implantación de ferramentas cloud que faciliten a colaboración e o teletraballo no concello (Google docs,/ Office 365).

2. Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro. En cumprimento do nomeado artigo 12 da Lei 39/2015, preténdese dotar a cada concello que así o requira dunha oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros. Trátase de reconvertir a unidade de rexistro nunha oficina física, completamente equipada onde un funcionario do concello poida asistir ao uso de medios electrónicos a un interesado, tanto para trámites co propio concello como con outras entidades podendo, non caso de que este interesado non dispoña de medios electrónicos, realizar vos trámites non seu nome.

Para elaborar o orzamento das actuacións propostas considerouse que os 66 concellos da provincia de Lugo (na propia orde reguladora das axudas exceptúase a capital por ter máis de 20.000 habitantes) carecen do equipamento/software proposto.



O orzamento dos dous proxectos acadan un total de 1.588.445,83€ segundo o seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1	PROXECTO 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €
2	PROXECTO 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38 €
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €

En previsión de que as solicitudes globais ao abeiro de esta Orde e tal e como determina o artigo 9 da mesma non cheguen aos máximos asignados, cabe a posibilidade dun reparto prorrateado destes sobrantes entre as entidades que presentasen actuacións elixibles por encima do orzamento máximo asignado. Sobre este particular no documento publicado na web da convocatoria nomeado “Preguntas Frecuentes sobre los requisitos técnicos de los proyectos de Entidades Locales de menos de 50.000 habitantes” dise textualmente:

Pregunta: ¿Se pueden presentar solicitudes de proyecto por importe superior al máximo asignado en el Anexo VII?

Resposta: Sí, pero una vez agotado el importe máximo asignado en el anexo VII, se procederá a desestimar las solicitudes presentadas, salvo que algunas entidades no hayan presentado solicitudes por el importe máximo, en cuyo caso el importe no solicitado podrá ser distribuido para financiar actuaciones presentadas por el resto de las entidades beneficiarias que hubieran agotado el máximo asignado. A tal efecto, el importe no solicitado será prorrateado a partes iguales entre las entidades que hubiesen presentado actuaciones elegibles por encima del presupuesto máximo asignado en esta orden, en los términos previstos en la misma y hasta agotar el importe total recogido en el apartado 1 del artículo 9 de la Orden.

Por ello, en el caso de que las entidades presenten proyectos cuyo importe total supere el recogido en el anexo VII, se deberá indicar el orden de prelación de los proyectos presentados.

Para completar esta información, realízase unha nova consulta ante o Ministerio con número de incidencia 1557397 que consta no expediente e que a continuación se transcribe:

Pregunta: El solicitar un tercer proyecto fuera del presupuesto inicialmente asignado, en qué medida nos obliga a su ejecución?.

Yendo más allá, supongamos que en su resolución reparten remanentes y nos corresponde más dinero del inicialmente asignado. Esto nos permitiría entrar en esa tercera línea pero se abren dos posibilidades:

Una donde nos subvencionan el total de la misma. La ejecutaríamos.

Una segunda donde nos conceden sólo una parte del dinero para ejecutar este tercer proyecto lo que implicaría asumir el resto con fondos propios. ¿Estamos obligados a ejecutarla o podemos renunciar? Entendiendo por renuncia sólo la cantidad de dinero que nos pudiera corresponder para ejecutar este proyecto número 3.

Resposta: En relación con su consulta, indicar que efectivamente la interpretación expuesta es la correcta.

Respecto a la cuestión que se plantea, se recuerda a la entidad que conforme al artículo 18.4 de la Orden: Se entenderá, que la entidad beneficiaria acepta todas las condiciones de la subvención, si esta no manifiesta su oposición dentro del plazo de diez días desde la notificación de la resolución de concesión de la misma.

Por lo que es entonces cuando, se puede plantear la renuncia del importe asignado a ese tercer proyecto en caso de producirse ese segundo escenario.

Polo exposto e considerando que a presentación de proxectos á maiores da cantidade inicialmente subvencionada non afecta ao principio de prudencia financeira nin ao orzamento provincial contéplase a solicitude, con orden de prelación 3, 4 e 5, dos seguintes proxectos:

3º. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo. Este proxecto se inclúe na liña 2 nomeada Operacións intelixentes.

O proxecto contempla a implantación dun sistema de vídeo gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo.





O proxecto inclúe non só a implantación do hardware preciso para a gravación (cámaras, procesadores, micrófonos) senón tamén o software que permita elaborar a orde do día e xerar o acta da sesión plenaria como o vídeo da sesión asinado e un acta sumaria (segundo decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións da entidades locais galegas aprobado pola Vicepresidencia e Consellería de presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia).

Desta forma evítase ter que realizar unha transcripción completa da sesión plenaria e de cada unha das intervencións, reducindo os tempos de elaboración das actas e evitando erros de transcripción, o que se traduce nunha mellora na eficiencia administrativa e nunha maior transparencia xa que os cidadáns van ter acceso ás intervencións completas das sesións plenarias.

4º. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións. Este proxecto se inclúe na liña 3 nomeada Goberno do dato.

O proxecto consiste na creación dun Cadro de Mandos integral que explore a información relacionada co estado e o tráfico das carreteras intermunicipais e, con base na mesma, facilite a toma de decisións e a realización de actuacións sobre as vías.

O proxecto estrutúrase en catro fases principais:

Dixitalización dos 4200 km da rede viaria provincial para dispoñer dun modelo dixital que sirva de base para o proxecto.

Implantación dun sistema intelixente para obter información do tránsito viario que ofrezca datos en tempo real para a súa posterior integración co modelo dixital anterior.

Implantación dunha ferramenta de xestión que permita engadir en tempo real información á rede viaria dirixida aos traballadores/as municipais así como á cidadanía.

Implantación dun cadro de mando integral que explore a información viaria e permita a toma de decisións.

5°. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles. Este proxecto se inclúe na liña 1. Administración orientada ao cidadán.

O proxecto contempla dúas actuacións:

Melloras de accesibilidade das páxinas web institucionais. En cumprimento do RD 1112/2018, de accesibilidade web, se propón a implantación de ferramentas que melloren a accesibilidade á web municipal, ofrecendo diferentes ferramentas que faciliten o acceso á información incluso para persoas con problemas visuais ou de mobilidade así como a todo tipo de colectivos. A implantación de ferramentas que permitan ler de forma automática a web para que as persoas con dificultades visuais poidan escoitar os contidos, ou ferramentas que modifiquen o tamaño de letra eo contraste, que se adapten a diferentes tipos de pantallas, pero tamén ferramentas que faciliten a navegación co teclado ou coa voz para persoas que teñan dificultades de mobilidade. Contéplase igualmente a implantación de chatbots (simuladores de conversa real) para resolver dúbidas dos cidadáns.

Transparencia orzamentaria. Como complemento aos portais de transparencia dos concellos propónse implantar un módulo que contribúa a ver, de xeito gráfico, o estado do orzamento e o destino e a xestión do erario público.

Estes proxectos acadan un orzamento de 6.389.730,00€ segundo o seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
3	PROXECTO 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo	LIÑA 2 Operacións intelixentes.	1) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€
4	PROXECTO 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00€
5	PROXECTO 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00€
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00€



No caso de que no reparto de remanentes sobrantes da convocatoria non lle corresponda á Deputación de Lugo a cantidade de diñeiro necesaria para a súa completa execución, e dependendo do importe da axuda concedida, decidirase naquel intre, en función da súa viabilidade técnica, entre a renuncia a esa parte de axuda ou reformular o proxecto acotando o alcance ou optando por solucións alternativas menos custosas.

Preténdese, polo tanto, solicitar axudas para a execución de 5 proxectos por un total de 7.978.175,83€, segundo o seguinte detalle e orde de prelación:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1	PROXECTO 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €
2	PROXECTO 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38€
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €
3	PROXECTO 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo	LIÑA 2 Operacións intelixentes.	1) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€
4	PROXECTO 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00€
5	PROXECTO 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00€
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00€

Quinta.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...) 17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)”

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a participación e a aceptación do procedemento regulado na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto e tramitar electronicamente, ante o Ministerio de Política Territorial, a solicitude de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Comunicación e TICs como á Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

**2º.-** Aprobar os 5 proxectos para os que se solicita a subvención de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais

2. Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.

3. Proxecto 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo



4. Proxecto 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións

5. Proxecto 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles

3º.- Aprobar o orzamento total dos 5 proxectos, por un importe de 7.978.175,83€ , tendo en conta as seguintes consideracións:

a) Os proxectos a desenvolver con cargo á axuda asignada no anexo VII da Orde reguladora, son os que figuran cos números 1 e 2 da orde de prelación sinalada e ascenden a un total de 1.588.445,83€, de acordo co seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
1	Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €	297.000,00€
2	Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38€	1.291.445,83€
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €	

b) Os proxectos a desenvolver no caso de resultar beneficiarios do prorroateo de sobrantes regulados no artigo 9 da Orde reguladora, son os que figuran cos números 3, 4 e 5 da orde de prelación sinalada e ascenden a un total de 6.389.730,00 €, de acordo co seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
3	Proxecto 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo	LIÑA 2 Operacións intelixentes.	1) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€	1.883.730,00€
4	Proxecto 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00€	3.470.000,00€
5	Proxecto 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00€	1.036.000,00€
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00€	

Os proxectos 3, 4 e 5 solicítanse baixo a premisa establecida no artigo 9.4 da Orde reguladora das axudas, que contempla un posible reparto de remanentes de cantidades non solicitadas. Recibida a resolución favorable das axudas, de resultar beneficiaria a Deputación de Lugo cunha cantidade inferior ao custo dos mesmos, en función da cantidade asignada e, de acordo coa consulta realizada ante o Ministerio con número de incidencia 1557397 que se incorpora a este expediente, valorarase nese momento renunciar á súa execución ou, de considerarse tecnicamente viable, proceder á reformulación dos proxectos 3, 4 e 5 para adaptalos ás cantidades que no seu caso se concedan.

c) A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos obxecto desta solicitude.

4º- De resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume os seguintes compromisos:

a) Dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.

b) Poñerá a dispor das entidades locais con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial das actuacións desenvolvidas.

c) Ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

A execución dos proxectos realizarase a través da Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Emprego.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA LIQUIDACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS CONCELLOS ADHERIDOS, PARA A FINANCIACIÓN E CONTRATACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO: “REALIZACIÓN DE**



**INVENTARIO DE OCUPACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, INFORME TÉCNICO-ECONÓMICO E PROPOSTA DE TARIFAS PARA A IMPOSICIÓN E REGULACIÓN DA TAXA CORRESPONDENTE DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GAS”.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data de 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e os Concellos adheridos para a financiación e contratación conxunta e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalación de transporte de enerxía eléctrica e gas, cun orzamento total de 251.809,92€; a achega desta Entidade ascende a contía 125.904,96 € e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte deste Organismo Provincial para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 125.904,96 € con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Deputación para a anualidade 2018.”

Segundo.- Con data de 20 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno aprobou a addenda ao convenio interadministrativo, onde se modificou a cláusula primeira, segunda e anexo, pasando dun orzamento total de 251.809,92 euros e 52 concellos a un orzamento total de 264.939,55 euros e 53 concellos adheridos; sendo a achega desta Entidade da contía de 132.469,77 euros e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos.”

Terceiro.- Con data de 21 de xaneiro de 2021 formalizouse o contrato coa U.T.E integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron para a “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos“ en cada un dos 53 concellos da provincia de Lugo, por un importe de 203.631,00 € máis o 21% do IVE, sendo o importe total de 246.393,51 euros.

Cuarto.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xullo de 2021 aprobouse a II addenda ao convenio interadministrativo, modificándose as cláusulas primeira, segunda e quinta e o anexo do convenio interadministrativo, pasando dun total de 53 concello e un orzamento de 246.393,51 euros a un orzamento de 264.939,52 euros e 55 concellos, sendo a achega desta Entidade da contía de 132.469,76 euros e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos, tal como figura no Anexo-Relación de Concellos adheridos ao convenio e establecéndose como vixencia do convenio o 11 de maio de 2022.

Quinto.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2021 aprobouse a modificación do contrato de servizos coa UTE Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron cun aumento do prezo de adxudicación en 15.327,28 € máis 3.218,73 € en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 18.546,01 €, IVE para incrementar a 55 os concellos adheridos, formalizándose a referida contratación con data 28/07/2022.

Sexto.- No mes de marzo de 2022, a Deputación Provincial puxo a disposición de cada un dos concellos adheridos os traballos definitivos referidos a informe técnico xurídico e económico, ordenanza fiscal e inventario preciso das afeccións das liñas eléctricas aos bens municipais de dominio público e dos gaseoductos, resultado do contrato de servizos formalizado coa empresa U.T.E integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron para a “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos”.

Sétimo.- En relación aos compromisos dos Concellos adheridos, no que respecta á aprobación da ordenanza algúns teñen realizado a tramitación e aprobación das ordenanzas, outros están en proceso e outros aínda non a iniciaron. E no referente a aportación municipal, hai Concellos que procederon ao ingreso en favor da Deputación e outros non.

Consideracións xurídicas.





Primeiro.- No Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e os Concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas dispónse o seguinte:

Na cláusula segunda.- Achegas e compromisos das partes:

“Segunda.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución do obxecto do convenio de interadministrativo, as partes subscribintes conveñen os seguintes compromisos:

Concellos:

A tramitar e aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polas instalacións de transporte de Enerxía eléctrica e gas, sempre que cando o potencial recadatorio da mesma así o aconselle.

A cofinanciar nun 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizos para:

Inventario definitivo de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal con base no inventario previo feito polos servizos técnicos da deputación e o inventario de gaseoductos. Estudos técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal.

Proposta de tarifas.

(...)

A aportación municipal que por este convenio se comprometa será ingresada na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423 no prazo dos trinta días hábiles seguintes ao da entrega ao concello do Inventario de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal, dos estudos técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal e da proposta de tarifas...".

De non facerse efectivo o ingreso no prazo antes sinalado a Deputación queda expresa e formalmente autorizada para proceder a compensación do importe da cofinanciación comprometida polo Concello con cargo aos créditos dos que sexa titular fronte a Deputación, minorando as obrigas líquidas e esixibles correspondentes.

A facilitar ao contratista adxudicatario do contrato de servizos a información de que dispoña, así como as autorizacións precisas para levar a cabo as indagacións necesarias para a execución do contrato, tanto no Catastro como no Rexistro da Propiedade.

Deputación.

Realizar o estudo-inventario das afeccións das liñas eléctricas aos bens municipais de dominio público e dos gaseodutos.

A cofinanciar nunha porcentaxe do 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizos de referencia.

A tramitar o correspondente procedemento de contratación conxunta dos servizos obxecto deste Convenio.

A poñer a disposición de cada un dos concellos o resultado do contrato no que se refire ao seu municipio.”

Na cláusula quinta.- Vixencia do Convenio:

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 11 de maio de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Segundo.- O artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece que os Convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do contrato ou por incorrer en causa de resolución, considerando como causas de resolución, entre outras, o transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

O artigo 52 da LRXSP establece que a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, e no supostos de convenios dos que se deriven compromisos financeiros, como sería este o caso, entenderanse cumpridos cando o obxecto se teña realizado nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias.



Terceiro.- Coa posta a disposición por parte da Deputación Provincial dos traballos definitivos referidos nos antecedentes danse por cumpridos os compromisos asumidos pola Deputación Provincial de Lugo. No tocante aos Concellos, o compromiso de tramitar e aprobar a ordenanza cando o potencial recadatorio da mesma así o aconselle, supón que non é obrigada a súa aprobación; e o cofinanciamento nun 50 por 100 dos gastos derivados do contrato de servizos por parte dos Concellos adheridos, tal como figura no Anexo-Relación de Concellos adheridos ao convenio, dita obriga é independente de ter realizado a tramitación e aprobación da ordenanza.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar provisionalmente a liquidación do Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e os Concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico- económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas”, establecendo como obrigas pendentes as que constan na relación adxunta.

**2º.-** Notificar aos Concellos interesados para que, no prazo de quince días poidan examinar o expediente, formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

**3º.-** No caso de non presentarse alegacións, entenderase aprobada a liquidación procedendo a Deputación a reintegrar os excesos, e os Concellos a aboar as cantidades que se comprometeron a aportar en virtude do referido Convenio no prazo dun mes.

**4º.-** De non facerse efectivo o ingreso no prazo sinalado dun mes, a Deputación procederá á compensación do importe da cofinanciación comprometida polos Concellos que correspondan con cargo aos créditos dos que sexan titulares fronte á Deputación, minorando as obrigas líquidas e esixibles correspondentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/036, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/036, correspondente á Agrupación de Veciños Figueroa (Sober), destinada as obras de “Acondicionamento de camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Enrique Pérez Vázquez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños Figueroa, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/036, destinada ás obras de “Acondicionamento de camiño” por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/056, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/056, correspondente á Asociación Cultural e Veciñal da Fonte do Ouro de Cellán de Mosteiro (Castroverde), destinada as obras de “Mellora, adecuación firme e sinalización de vías públicas”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Isaac Piñeiro Torres, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Cultural e Veciñal da

Fonte do Ouro de Cellán de Mosteiro (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/056, destinada ás obras de “Mellora, adecuación firme e sinalización de vías públicas” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/093, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/093, correspondente ao MVMC de Bidueira, Trombeal, Trabazas, Ribado e Valín (Baralla), destinada as obras de “Mellora accesibilidade e de espazos públicos”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.998,33 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Manuel Abelleira Álvarez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.



Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Bidueira, Trombeal, Trabazas, Ribado e Valín (Baralla) tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/093, destinada ás obras de “Mellora accesibilidade e de espazos públicos” por un importe de 5.998,33 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.**

Logo de ver o expediente de conta xustificativa do beneficiario de subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138 do sábado 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Sociedad Cultural Deportiva Milagrosa	Torneo de Reis de Fútbol	800,00 euros

### **13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN AUXILIAR DE BIBLIOTECA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Xoán Ramiro Cuba Rodríguez nado o día 23 de xaneiro de 1958, que ocupa praza de Auxiliar Biblioteca do Cadro de Persoal Funcionario, o posto de Xefe/a Sección II Publicacións e Normalización Lingüística, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada (Rexistro Xeral de Entrada nº 2022RPE020806, de data 21 de novembro de 2022), dende o día 30 de decembro do 2022.

Tendo en conta que D. Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, á dita data terá unha antigüidade recoñecida de 39 anos, 6 meses e 10 días de servizos prestados.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(...)”.





Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicarase de maneira gradual, fixándose para no ano 2022, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, do que se desprende que o interesado cumpre cos condicionantes establecidos; propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011), acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de D. Xoán Ramiro Cuba Rodríguez dende o día 30 de decembro de 2022, sendo o día 29 de decembro de 2022, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

